

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005245	IES Monelos	A Coruña	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	14
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	14
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	15
o) Outros apartados	15

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Os obxectivos xerais das etapas están recollidos na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro LOMLOE, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Os departamentos didácticos, o equipo de dirección, equipo de orientación na súa labor docente e nas actividades programadas teñen en conta a consecución dos obxectivos de etapa.

No contexto do IES Monelos concrétese do seguinte xeito:

Entendemos que o alumnado debe asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos. Este é o 3º ano que estamos implantando o programa de Tutoría Entre Iguais. Neste programa alumnado de 3º ESO titoriza a alumnado recién chegado ao centro de 1º ESO. A propia identidade deste programa contribúe aos obxectivos xerais de etapa de Educación Secundaria respecto á cooperación, respecto, tolerancia e empatía.

Dende hai moitos cursos tempo lévase traballado, coma parte do Plan de Acción Titorial, con diferentes organismos, coma a Policía Local, Policía Nacional, Concello e diferentes asociacións, para interiorizar estes valores entre o noso alumnado de secundaria.

Tratamos tamén de darlle a importancia que ten a Xunta de delegados, como órgano no que o alumnado pode exercer os seus dereitos, practicar a tolerancia e funcionar de xeito democrático. O mesmo durante a elección dos representantes do alumnado nas eleccións ao Consello Escolar onde intentamos de que vote a meirande parte do alumnado na elección dos compañeiros que os representarán.

Para desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal, é un traballo que se fai no IES Monelos dende o departamento de orientación e tutorías tratando de implicar ás familias como parte fundamental neste proceso. Faise imprescindible a súa colaboración para acadar os hábitos precisos de cara a ter garantías de éxito nesta etapa educativa.

No IES Monelos conmemoramos días coma o 25 Novembro - día internacional da eliminación da violencia contra a muller- día 2 de febreiro - Día da Candelaría-, 8 de marzo - día internacional da muller-, exposicións, programas de Radio Monelos e calquera outro acto ou conmemoración que axude a valorar e respectar a diferenza de xéneros, a igualdade de dereitos e oportunidades, a rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

A nova materia de Tecnoloxía e dixitalización axuda a desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos, non confundir Internet con coñecemento e a valorar a importancia de saber filtrar información na rede.

Asignaturas e reforzos que impartimos nos laboratorios en 1º ESO e 1º Bach e 2º Bach, participación en actividades coma a de Ciencia na Rúa e calquera outra desenvolvida polo departamento de tecnoloxía, afondan no obxectivo de concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Durante o curso 2022-23 por acordo de claustro decidiuse impartir a materia de Oralidade nunha das horas de libre disposición en 1º ESO. Xunto coa hora de lectura que se leva adiante en toda a ESO axudan a comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Ademáis o IES Monelos leva moitos anos formando parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares; dende hai un par de anos elabora un gran número de programas de radio baixo a coordinación e dirección do xefe do departamento de Normalización Lingüística. Neste curso 22-23 púxose en marcha, asemade, a revista dixital Arredemo que pretendemos seña vehículo de expresión e comunicación para alumnado de AACCC, para representantes de cada grupo, como escaparate de proxectos que se realicen na materia de Proxecto Competencial e como espazo onde amosar gran parte das actividades que facemos no IES Monelos.

Outro dos obxectivos xerais desta etapa e do bacharelato e o de comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. Un dos sinais de identidade do IES Monelos, dende sempre, foron as actividades extraescolares e entre estas o xornal internacional DEFERIT. Trátase dun xornal de tirada trimestral elaborado por alumnado de Alemaña, Francia, Italia, Lituania e do noso centro como representantes de España. Neste curso 2023-24 o IES Monelos vai ser ademais centro embaixador do Parlamento Europeo.

A comprender e a expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras, contribúen tamén as viaxes que anualmente organiza a París o departamento de Francés e o programa de Seccións Bilingües que se imparte na materia de música en 2º e 3º ESO

Todos os anos a comezo de curso, o IES Monelos recibe alumnado procedente doutros países. Neste curso temos un neno acollidos de Ucraína e estudantes recién chegados de Venezuela, Perú, Colombia, Honduras...

Este feito contribúe a coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural propio. Enriquece ao noso alumnado, axuda a relativizar a nosa realidade e pon en valor outras situación persoais e culturais.

As actividades que se organizan dende o departamento de Educación Física, o Proxecto de vida activa e salubre, as saídas á natureza ou as competicións deportivas axudan a coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Neste curso 2023-24 o Departamento de EF vai a impartir unha hora máis da súa materia no curso de 2º ESO logo de ser aprobado no Claustro que unha das horas de Libre Configuración fose destinada a esta asignatura. Esta asignación é para os cursos 2023-24 e 2024-25.

Están incluídos no plan de Acción tutorial e como temas transversais de todas as materias os programas que se levan a cabo nas horas de titorías en colaboración co Concello, Adafad ou Policía Nacional que abarcan ou tratan aspectos relacionados con: consumo responsable, sexualidade, drogodependencias, seguridade, actividades de ocio, eventos deportivos que se organizan de xeito decidido para que contribúan na consecución dos obxectivos básicos da etapa entre outros: coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade ou valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo.

Materias coma Técnicas de Expresión Gráfica para alumnado de 2º Bacharelato, a asistencia aos ensaios da OSG, concertos e obras de teatro no Forum Metropolitano, contribúen a apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. Foi aprobado en claustro que a 2ª hora de libre disposición para impartir en 2º ESO fose asignada á materia da música para fomentar a creación e a interpretación musical.

O EDLG e as múltiples actividades que organiza, o blogue COTARELO, a participación en concursos e Certames literarios, saídas coma o Correlingua, a radio escolar Radio Monelos, os varios clubs de lectura que se realizan cada ano, a participación en PLAMBE, os roteiros literarios etc contribúen de xeito decisivo a coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias básicas que establece a LOMLOE como indica no Artigo 8 do DECRETO 156/2022, de 15 de setembro publicado o 26 de setembro de 2022 no DOG son:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Todos os departamentos didácticos estableceron unhas competencias mínimas que o alumnado debe acadar para superar a materia correspondente. Tamén se fixeron adaptacións en todas as materias, de xeito que podan ser adquiridas por alumnado con necesidades educativas.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os elementos transversais serán incorporados ao currículo para conectar e poñer en relación o ámbito académico do alumnado coa realidade na que están a vivir.

Ainda que se teñan en conta elementos que non están contemplados na seguinte listaxe non podemos deixar de sinalar os seguintes:

- Igualdade entre homes e mulleres
- Non discriminación por motivos de xénero, nacionalidade ou orientación sexual
- Respecto mutuo e cooperación entre iguais.
- Educación afectiva-sexual
- Concienciación e formación sobre o cambio climático.
- Consumo responsable -Formación estética.
- Resolución pacífica de conflitos e rexeitamento de calquera tipo de violencia.
- Sensibilidade coas persoas/familias afectadas pola crise.

Sen perxucio do seu tratamento nalguns currículos da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escritura, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade, traballaranse en todas as materias.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os criterios á hora de empregar diferentes metodoloxías son aqueles que permiten ao profesorado e ao centro incorporar no proceso de ensino aprendizaxe a todo o alumnado do centro evitando que queden excluídos do sistema educativo o menor número posible de alumnos.

1.- No IES Monelos hai desdobres nos grupos de ESO; isto é que nas materias instrumentais: lingua castelá, lingua galega, matemáticas e lingua inglesa, tratamos -dentro da dispoñibilidade de profesorado que temos cada curso escolar- de crear 3 grupos de 20 alumnos no canto de 2 grupos de 30, coa mellora que iso supón á hora de impartir estas materias.

2.- Cando o departamento de orientación o considera e as familias o apoian, incorporamos a determinados alumnos a grupos de reforzo para tratar de correxir certas lagoas de coñecemento. Deixan de asistir á materia de Francés e asisten nesas 2 horas e en grupos reducidos - ata 5 alumnos- a clases de reforzo de matemáticas e linguas, co fin de paliar diferencias de nivel nestas materias instrumentais.

3.- Para alumnado que non supera o curso -e ten repetido algunha vez como indican as instrucións- creamos, se é posible, grupos de PDC; ata dez alumnos son admitidos nestes programas nas que se fai unha adaptación curricular co fin de superar esta etapa educativa. Coa LOMLOE estos grupos pasan a formarse en 3º e 4º ESO e deste xeito rematan a etapa educativa nun programa de adaptación curricular. Un dos erros que plantexaba a lei anterior era que o alumnado destes programas cursábanse en 2º e 3º ESO e tiñan que incorporarse en 4º de ESO a un grupo ordinario con poucas garantías xeralmente de superar o curso.

4.- Neste curso 23-24 queremos poñer en funcionamento un grupo de traballo dentro dun PFPP para crear un espazo no que alumnado de AACC podan traballar en equipo aspectos extracurriculares que teñan que ver cos seus intereses particulares.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O materiais e recursos didácticos empregados son indicados na programación de cada departamento. A finalidade última é a de que o alumnado dispoña de material e recursos adaptados ao seu nivel e que contribúan de xeito positivo no seu proceso de formación.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa de centro ven determinada principalmente pola propia plantilla de profesorado e polas especialidades presentes no claustro.

Unha vez establecido esta ratio, o criterio de oferta é o de permitir ao alumnado do IES Monelos a configuración ou elección de itinerarios que os vaian encamiñando á súa vocación persoal ou profesional.

De cara ao ano 23-24 implantarase a LOMLOE nos cursos pares polo que foi preciso volver a establecer itinerarios.

En 1º ESO e 2º ESO a optatividade ven indicada na LOMLOE. Pero cada centro ten liberdade para distribuir 2 horas de libre disposición.

Para 1º ESO foi aprobado na Claustro Ordinario celebrado o 02/06/22 que as materias que impartirían en cada unha desas horas serían:

- Lingua Galega-Oralidade
- Ciencias - Laboratorio.

Para 2º ESO foi aprobado en claustro ordinario celebrado o 18/04/23 que as horas de libre configuración foran para as materias de

- Educación Física
- Música

En 3º ESO a optatividade ven recollida no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No IES Monelos son ofertadas:

- Cultura Clásica.
- Educación Dixital.
- Segunda Lingua Estranxeira.

En 4º ESO que é cando comeza unha maior optatividade hai 2 itinerarios: Opción A e Opción B

Opción A

- - Educación Física
- - Lingua Castelá e Literatura
- - Lingua Galega e Literatura
- - Matemáticas B
- - Primeira Lingua Estranxeira Inglés
- - Xeografía e Historia

Elixir dúas materias (non se pode elixir FYQ con Latín):

- Bioloxía e xeoloxía
- Física e Química
- Economía e Emprende

- Latín

Numerar en cada bloque por orde de preferencia para elixir unha

Bloque 1

- Diitalización
- Expresión artística
- Música
- Intelixencia Artificial

Bloque 2

- Cultura Clásica
- Francés
- Filosofía
- Oratoria
- Tecnoloxía (só se non escolliches o itinerario B)

Elixir unha:

- Proxecto Competencial
- Relixión

Opción B

- - Educación Física
- - Lingua Castelá e Literatura
- - Lingua Galega e Literatura
- - Matemáticas B
- - Primeira Lingua Estranxeira Inglés
- - Xeografía e Historia
- Tecnoloxía

Elixir unha materia:

- Formación e Orientación Personal e Profesional
- Latín

Numerar en cada bloque por orde de preferencia para elixir unha de cada bloque

Bloque 1

- Dixitalización
- Expresión artística
- Música
- Intelixencia Artificial

Bloque 2

- Cultura Clásica
- Francés
- Filosofía
- Oratoria
- Tecnoloxía (só se non escolliches o itinerario B)

Elixir unha:

- Proxecto Competencial
- Relixión

En 1º Bach, como é habitual, ofértanse 3 modalidades de bacharelato: Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais. As optativas ofertadas son as seguintes. Son materias de 4 HORAS que para formar grupo precisan ou deberán contar con un mínimo de 10 alumnos

CIENCIAS

- Anatomía Aplicada (So para os que cursan Bioloxía)
- Antropoloxía Cultura Científica
- Francés I (*)
- Linguaxe e Práctica Musical
- Literatura Galega do S XX e actual
- Tecnoloxía e Enxeñería I (PM) (*)
- Tecnoloxías da Información e Comunicación I (*)

CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES

- Antropoloxía
- Cultura Científica
- Francés I (*)
- Historia do mundo contemporáneo
- Linguaxe e Práctica Musical
- Literatura Galega do S XX e actual
- Literatura Univesal.
- Tecnoloxías da Información e Comunicación I (*)

Ademais das anteriores hai unhas optativas de UNHA HORA que son, como indica a lei, reforzos de materias que se están a impartir.

CIENCIAS

- Relixión
- Bioloxía (Laboratorio)
- Física e Química (Laboratorio)
- Inglés (Club de lectura)
- Lingua Galega (Oralidade)
- Matemáticas (Reforzo)
- Tecnoloxía e Enxeñería I (Taller)

CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES

- Relixión
- Economía (Reforzo)
- Inglés (Club de lectura)
- Latín (Aproximación)
- Lingua Galega (Oralidade)
- Matemáticas Aplicadas (Reforzo)

En 2º Bach, seguen a ofertarse 3 modalidades de bacharelato: Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais. Ademais das materias de oferta obligatoria, poden elixirse materias de CATRO HORAS que para formar grupo precisan ou deberán contar con un mínimo de 10 alumnos. Segun acordo tomado na CCP do día 18/04/23 a oferta e a que segue:

CIENCIAS E TECNOLOXÍA

- Francés II
- Historia da Música e a Danza
- Métodos estatísticos e numéricos
- Psicoloxía
- Química
- Tecnoloxía e Enxeñería II
- TIC II
- Técnicas Expresión Gráfica-Plástica
- Xeografía, Historia, arte e Patrimonio de Galicia

CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES

- Francés II
- Historia da arte
- Historia da Música e a Danza
- Métodos estatísticos e numéricos
- Psicoloxía
- TIC II
- Xeografía, Historia, arte e Patrimonio de Galicia
- Técnicas Expresión Gráfica-Plástica

Ademais das optativas anteriores, tamén deben escoller unha materia optativa de UNHA HORA entre as seguintes:

CIENCIAS E TECNOLOXÍA

- Debuxo técnico II (Reforzo)
- Física (Reforzo)
- Historia De España (Reforzo)
- Laboratorio de Bioloxía
- Lingua Castelá (Reforzo)
- Matemáticas II (Reforzo)
- Oralidade (Lingua Galega)
- Química (Reforzo)
- Relixión
- Tec e Enxeñería: Robótica e Programación

CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES

- Empresa e Xestión de Modelos de Negocio (Reforzo)
- Historia De España (Reforzo)
- Latín II (Reforzo)
- Lingua Castelá (Reforzo)
- Matemáticas Aplicadas II (Reforzo)
- Oralidade (Lingua Galega)
- Relixión

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades extraescolares e complementarias son programadas para contribuir á formación integral do alumnado.

As actividades complementarias e extraescolares son unha seña de identidade do IES Monelos, axudan notablemente á nosa labor formativa, educativa, académica, ao mesmo tempo que aportan unha forma mais dinámica e motivadora de aprender.

A Vicedirección coordina e impulsa as diferentes actividades que por iniciativa súa e dos Departamentos didácticos propóñense ao principio do curso escolar.

Na primeira reunión do Consello Escolar a Vicedirección informa das actividades que se van realizar ao longo do curso. As familias asinan un permiso xeral para as saídas pola cidade e as saídas fora da cidade terán un permiso especial.

O acompañamento do profesorado faise conforme á normativa, un profesor por cada 20 alumnos. Procúrase que o profesorado acompañante sexa o mesmo que imparte clase ao curso para alterar o menos posible o funcionamento das clases.

Sempre que hai unha actividade infórmase ao profesorado mediante unha plantilla que se expón na sala de

profesores e se envía por correo electrónico.

A tarefa de vicedirección faise fundamental para tratar de que cada nivel da eso e bacharelato teñan un número de actividades mínimo en cada trimestre e para evitar que se solapen ou que coincidan moitas delas nunha determinada semana ao final da avaliación. Tamén trátase de que non coincidan sempre nas mesmas franxas horarias pola redución que pode supor no número de horas das mesmas materias

O custo destas actividades dependerá do transporte e do propio custo da actividade. Por regra xeral o alumnado aportará 2€ para financiar o autobús nas saídas pola cidade. No resto de saídas repartira-se o custo do autobús entre o número de participantes.

Excepto en casos excepcionais que contén con partidas finalistas o centro non pode financiar as actividades extraescolares ou complementarias nin o desprazamento que conlevan as mesmas cos gastos de funcionamento asignados pola consellería polo que as familias deben de asumir este gasto.

De cara a un mellor funcionamento do centro, no mes de maio e xuño deberán limitarse, dentro do posible, as actividades extraescolares e complementarias. Seguiranse os seguintes criterios de cara a organizalas:

- 1.-Realizaranse únicamente aquelas que non podan ser levadas a cabo noutros meses do ano, ben pola climatoloxía ou ben porque as propias actividades estaban programadas para esas datas dende o comezo de curso.
- 2.-Non poderán organizarse actividades que non estiveran programadas previamente e que puideran terse desenvolvido anteriormente.
- 3.-Nas actividades que se desenvolvan fora do centro non poderá participar alumnado que teña acumulación de partes de conducta leves ou partes graves.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Segundo indica a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia as indicacións son as que seguen:

ALUMNADO AO QUE SE LLE APLIQUEN REFORZOS

1. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e éste deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

ALUMNADO CON MATERIAS SUSPENSAS

ORDEN de 26 de mayo de 2023 por la que se desarrolla el Decreto 156/2022, de 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación secundaria obligatoria en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa. Cuando se trate da mesma materia ou ámbito, será elixido, preferentemente, o profesorado que imparta a materia ou ámbito á alumna ou ao alumno no actual curso académico.

Cuando se trate da mesma materia ou ámbito, será elixido, preferentemente, o profesorado que imparta a materia ou ámbito á alumna ou alumno no actual curso académico.

No resto de materias ou ámbitos, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso

de aprendizaxe ou da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no curso actual.

O profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico e conforme ao procedemento establecido por el centro, informará sobre os aspectos básicos dos plans de reforzo ao alumnado e, no seu caso, ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais.

O seguimento do plan de reforzo e avaliación das materias ou ámbitos pendentes, realizarase en cada sesión de avaliación parcial e na sesión de avaliación final. A estes efectos, programaranse actividades e probas de avaliación ao longo do curso para verificar a superación desas materias ou ámbitos.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

ALUMNADO REPETIDOR

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Según recolle a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, seguiremos os seguintes criterios:

AVALIACIÓN NA ESO

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

3. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso,

tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

6. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

8. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

9. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

10. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

PROMOCIÓN NA ESO

Como indica na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- e) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición. O alumnado que teña pendentes materias que se extinguen deberá recuperalas co currículo establecido no Decreto 156/2022, do 15 de setembro

TITULACIÓN NA ESO

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.
4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

PROMOCIÓN NO BACHARELATO

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.
3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.
4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.
5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.
6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

CAMBIO DE DECRETOS EDUCATIVOS E MATERIAS PENDENTES

O alumnado que se matricule en segundo de bacharelato e teña pendentes materias reguladas no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá recuperalas co currículo establecido no Decreto 157/2022, do 15 de setembro. Para estes efectos, terase en conta:

- As materias con igual denominación entre o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, deberán recuperarse co currículo da nova materia.
- Para as materias que cambian de denominación entre os dous decretos establécese a correspondencia recollida no anexo III da RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

As matrículas de honra serán outorgadas segundo indica o Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria:

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño en 4º ESO, obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5%, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

Para alumnado de bacharelato:

- Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnos non superior ao 5% do total de alumnado deste curso.
- A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna.
- No caso de empate hai dous criterios de resolución: a nota máis alta na media do primeiro curso de bacharelato. No caso de persistir o empate recurrirase ao azar.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas están elaboradas con detalle, tanto no programa a traballar en cada nivel e exercicios correspondentes, como naquelas a seguir para o alumnado que presente dificultade de aprendizaxe.

O profesorado que imparta docencia nun mesmo nivel, fará un seguimento periódico do seguimento das programacións en cada dos grupos de mesmo nivel.

Un resumo destas programacións están na páxina web do centro, onde poden ser consultadas por toda a comunidade educativa. Nelas consta (tal como se lle explica ao alumnado na aula) o peso de cada unha das competencias na nota final.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O IES Monelos conta con un elevado número de plans e proxectos, todos eles propostos polos departamentos didácticos, recollidos por vicedirección, presentados ao claustro de profesorado e aprobados polo Consello Escolar.

En todos e cada un deles se estuda a viabilidade, o interese e posibilidade de formación para o alumnado e o número de profesores/as e alumnos/as que poden participar sen desatender as propias actividades lectivas.

Este curso contamos con

- Contratos Programa: Innova e Inlue
- Plans Proxecta: Meteoescolas e Plan de vida activa e deportiva,
- Viaxes didácticas a París e a Italia

- Elaboración do xornal Internacional DEFTRIT
- Duas modalidades dentro do PFPP: TEI e AACCC.
- Foi aprobada a nosa participación en Polos Creativos
- Non podemos esquecer todos os plans relacionados coa biblioteca: Plambe, clubs de lectura e conmemoración de todos os eventos incluídos no plan lector.
- Tamén somos centro titor de máster de profesorado e colaboramos coa UDC no desenvolvemento de estudos para TFM, TFG e outros que redunden na propia formación do noso alumnado
- Durante este curso 2023-24 formaremos partes de las Escuelas Embajadoras del Parlamento Europeo.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Cada trimestre haberá unha xuntanza en cada un dos departamentos didácticos co obxecto de revisar, avaliar e facer os cambios precisos nas programacións didácticas para que o alumnado poida seguir as indicacións de cada materia. Estas variacións, de ser precisas, entrarían en funcionamento ao comezo da avaliación seguinte. Esta concreción curricular será revisada anualmente e modificada a proposta do profesorado do centro, do Consello Escolar ou do Claustro de profesores para actualizar e corrixir aspectos que queden obsoletos ou que conteñan incorreccións.

o) Outros apartados

1. Referentes legislativos sobre o acceso das familias ás probas realizadas polos seus fillos

Na lei 4/2011 do 30 de xuño indica no artigo 6

...os pais teñen dereito a estar informados sobre a aprendizaxe dos seus fillos... ...facilitaráselle acceso ao profesorado e aos equipos directivos dos centros docentes...

Según está recollido no RD 217/2022 do 29 de marzo,

“...los padres...tendrán acceso a los documentos oficiales de evaluación y al as pruebas y documentos de las evaluaciones que realicen sus hijos...”

2. Protocolo para a solicitude de exames e probas

1.- Os pais poden pedir información académica a través do titor/a do seu fillo que coordinara a información das diferentes materias.

Posteriormente poderán solicitar una reunión co profesor/a da materia ou das materias para recibir información máis precisa dunha ou varias materias en particular

2.- Nesta reunión os pais terán acceso ás probas feitas polos seus fillos nunha avaliación concreta e poderán velas e solicitar as aclaracións necesarias.

3.- Quedara a criterio do profesor entregar ou non unha copia da mesma.

4.- No caso de achegar una copia, o profesorado pode decidir que sexa a proba ou probas feitas polo alumno/a con ou sen as anotacións realizadas polo docente.

5.- Os pais deberán personarse no instituto na data indicada polo profesor/a para recoller a proba na Secretaría do centro.